

MINISTERIO DE AGRICULTURA, PESCA E ALIMENTACIÓN

7427 *REAL DECRETO 448 /2005, do 22 de abril, polo que se modifican o Real decreto 519/1999, do 26 de marzo, polo que se regula o réxime de axudas á apicultura no marco dos programas nacionais anuais, e o Real decreto 209/2002, do 22 de febreiro, polo que se establecen normas de ordenación das explotacións apícolas.* («BOE» 109, do 7-5-2005.)

Este real decreto ten como obxecto modificar o Real decreto 519/1999, do 26 de marzo, polo que se regula o réxime de axudas á apicultura no marco dos programas nacionais anuais, e o Real decreto 209/2002, do 22 de febreiro, polo que se establecen normas de ordenación das explotacións apícolas, para adaptalos a certas normas nacionais e comunitarias que inciden no seu contido.

Malia a aplicación directa dos regulamentos comunitarios, hai que ter en conta que os que regulan as axudas á apicultura foron substituídos polo Regulamento (CE) n.º 797/2004 do Consello, do 26 de abril de 2004, relativo ás medidas destinadas a mellorar as condicións de produción e comercialización dos produtos da apicultura, e polo Regulamento (CE) n.º 917/2004 da Comisión, do 29 de abril de 2004, relativo ás disposicións de aplicación do anterior, polo que se fai necesario, para o seu correcto cumprimento, a introdución de certas modificacións no Real decreto 519/1999, do 26 de marzo, polo que se regula o réxime de axudas á apicultura no marco dos programas nacionais anuais.

Os novos regulamentos introducen algunhas novidades, como unha nova liña de actuación ou o establecemento da presentación trianual dos programas nacionais de apicultura. Por iso se considera conveniente, para adaptar a normativa nacional a esta nova base regulamentaria e para introducir mecanismos básicos de control no citado réxime de axudas, modificar o Real decreto 519/1999, do 26 de marzo.

Como consecuencia disto introdúcense novas medidas obxecto de financiamento e novos mecanismos básicos de control no réxime de axudas, cuxo principal protagonista será a comunidade autónoma. Ambos os instrumentos se conterán no Programa nacional de medidas de apoio á apicultura, cuxa duración se amplía dun a tres anos.

O Real decreto 209/2002, do 22 de febreiro, polo que se establecen normas de ordenación das explotacións apícolas, foi ditado como consecuencia da importancia e crecente interese que a apicultura, como actividade pecuaria, acadou nos últimos anos, e que, alén da súa repercusión económica no sector da produción do mel e doutros produtos da colmea, ten unha importancia fundamental para o desenvolvemento rural, o equilibrio ecolóxico e a conservación e a diversidade das plantas que dependen da polinización. A norma, por outro lado, contribúe a consagrar a apicultura profesional como unha actividade gandeira fundamentalmente ligada á transhumancia para o mellor aproveitamento das distintas floracións silvestres e cultivadas.

A publicación e entrada en vigor da Lei 8/2003, do 24 de abril, de sanidade animal, fai necesario adaptar as disposicións concernentes á definición de explotación apícola, a regulación do libro de explotación que, de acordo co artigo 38 da citada lei, deberá manter actuali-

zado cada titular de explotación e o tratamento da transhumancia regulada no artigo 52 da lei.

Tamén incide a Lei 8/2003, do 24 de abril, no criterio para determinar a autoridade competente á hora de efectuar o rexistro da explotación, ao sinalar no seu artigo 38.1 que todas as explotacións de animais deben estar rexistradas na comunidade autónoma en que radiquen, así como nas obrigas que pesan sobre o titular relativas ao coidado e benestar dos animais. Igualmente, é necesario adaptar o punto de infraccións e sancións do Real decreto 209/2002, do 22 de febreiro, ao disposto na mencionada lei.

Por outro lado, a publicación do Real decreto 479/2004, do 26 de marzo, polo que se establece e regula o Rexistro Xeral de Explotacións Gandeiras (en diante REGA), fai necesario adaptar algunhas das disposicións do Rexistro Xeral de Explotacións Apícolas á estrutura e ao contido do mencionado REGA. Así, é necesario establecer un código de identificación das colmeas para distinguilo do código de identificación de cada explotación recollido no artigo 5 do Real decreto 479/2004, do 26 de marzo; determinar a información que deben facilitar os titulares das explotacións á hora de solicitar a inscrición no rexistro; regular a declaración censual anual establecida no artigo 4.3 do Real decreto 479/2004, do 26 de marzo, e, en definitiva, integrar o Rexistro Xeral de Explotacións Apícolas no REGA.

Para lograr unha maior claridade no contido mínimo do libro de rexistro da explotación apícola, o anexo I do Real decreto 209/2002, do 22 de febreiro, substitúese polo anexo II deste real decreto. De igual modo, ao terse detectado un erro no anexo II, procédese a modificar o devandito anexo.

Así mesmo, a experiencia adquirida tras a entrada en vigor desta norma, así como as particularidades diferenciais das explotacións estantes e transhumantes, aconsellan a súa modificación para dotar dun tratamento diferenciado ambos os tipos de produción apícola, en particular, no que a movementos de colmeas e inscrición rexistral se refire. O artigo 52.3 da Lei 8/2003, do 24 de abril, de sanidade animal, prevé disposicións especiais unicamente para a transhumancia das abellas e, por outra parte, ao tratarse o REGA dun rexistro de explotacións, é necesario proceder ao rexistro destas polo órgano competente da comunidade autónoma onde estean situadas, no caso de explotacións estantes, o cal é, ademais, imprescindible para os efectos de control e inspección.

Na elaboración deste real decreto foron consultadas as comunidades autónomas e as entidades máis representativas dos sectores afectados.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Agricultura, Pesca e Alimentación, de acordo co Consello de Estado e logo deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 22 de abril de 2005,

DISPONGO:

Artigo primeiro. *Modificación do Real decreto 519/1999, do 26 de marzo, polo que se regula o réxime de axudas á apicultura no marco dos programas nacionais anuais.*

O Real decreto 519/1999, do 26 de marzo, polo que se regula o réxime de axudas á apicultura no marco dos programas nacionais anuais, modifícase nos seguintes termos:

Un. O artigo 1 queda redactado do seguinte modo:
«Artigo 1. Obxecto.

Este real decreto ten por obxecto establecer a regulación dun réxime de axudas para o fomento

daquelas actividades destinadas a mellorar a produción e comercialización dos produtos da apicultura.»

Dous. Engádesse unha alínea e) ao artigo 3, coa seguinte redacción:

«e) O apoio á repoboación dos efectivos apícolas.»

Tres. A alínea a) do punto 1 do artigo 4 queda redactada do seguinte modo, e engádesse un punto 3, coa seguinte redacción:

«a) As persoas físicas ou xurídicas titulares de explotacións apícolas. Será requisito para a obtención das axudas levar realizando a actividade apícola con anterioridade ao 1 de xaneiro do ano anterior ao da presentación da solicitude. Ademais, os beneficiarios deberán cumprir coas obrigas establecidas no artigo 14 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

As alvarizas abandonadas e as colmeas mortas non darán dereito ao cobramento de axudas polo seu titular.»

«3. Un mesmo apicultor só poderá ser beneficiario de axuda por unha mesma actuación de forma única para cada unha das súas explotacións, ben a título individual, ben como integrante dunha cooperativa ou organización representativa.»

Catro. O artigo 5 queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 5. *Solicitudes e tramitación. Criterios obxectivos de outorgamento da subvención e ponderación destes.*

1. As solicitudes presentaranse, para a súa tramitación, ante o órgano competente da comunidade autónoma en que o apicultor estea rexistrado.

2. As solicitudes incluírán, como mínimo:

a) A identificación do solicitante, incluído o seu NIF ou CIF, e, cando se trate de solicitudes presentadas por cooperativas ou organizacións representativas, a relación de persoas físicas integrantes, con mención do seu NIF.

b) O número de colmeas das cales o solicitante é titular ou, no caso de solicitudes presentadas por entidades asociativas, o número total de colmeas que lles corresponde aos integrantes.

c) Copia das follas do libro de rexistro de explotación apícola en que figure a documentación referente ao número de colmeas, tipo e clase de explotación. No caso das solicitudes presentadas por entidades asociativas, copia das follas do libro de rexistro de explotación apícola en que figure a documentación referente ao número de colmeas, tipo e clase de explotación de cada unha das explotacións polas que se solicita a axuda, propiedade dos apicultores que a integren.

3. Na concesión das subvencións previstas neste real decreto os criterios obxectivos de outorgamento e a súa ponderación serán, no que respecta á achega financiada mediante os fondos achegados polo Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, os seguintes:

a) Para as alíneas a) e d) establecidas no artigo 3 terán prioridade as solicitudes presentadas polas cooperativas apícolas e asociacións de apicultores con personalidade xurídica propia sobre as presentadas polo resto de persoas físicas ou xurídicas.

Dentro delas, terán prioridade aquelas que reúnan un maior número de colmeas propiedade dos apicultores que as integran.

b) Para a liña b) establecida no artigo 3 terán prioridade aquelas solicitudes presentadas por apicultores integrantes dunha agrupación de defensa sanitaria (ADS) apícola, ou figura equivalente, para a loita contra a varroose. Dentro delas, terán prioridade aquelas que reúnan un maior número de colmeas.

c) Para as liñas c) e e) establecidas no artigo 3 terán prioridade aquelas solicitudes presentadas por apicultores titulares dunha explotación profesional sobre as presentadas por apicultores titulares de explotacións non profesionais, conforme as definicións do artigo 2.g) do Real decreto 209/2002, do 22 de febreiro, polo que se establecen normas de ordenación das explotacións apícolas. Dentro delas, terán prioridade aquelas que afecten un maior número de colmeas.

4. Cando o importe das resolucións ditadas pola autoridade competente exceda, no que respecta aos importes que se financien mediante os fondos achegados polo Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, as contías aprobadas para a respectiva comunidade autónoma, procederase a reducir proporcionalmente as contías unitarias das axudas.»

Cinco. O punto 2 do artigo 7 queda redactado do seguinte modo:

«2. O programa nacional de medidas de axuda á apicultura incluírá un plan de control do programa, en virtude do indicado no artigo 4 do Regulamento (CE) n.º 917/2004 da Comisión, do 29 de abril de 2004, polo que se establecen disposicións de aplicación do Regulamento (CE) n.º 797/2004 do Consello, relativo ás medidas destinadas a mellorar as condicións de produción e comercialización dos produtos da apicultura. Este plan, elaborado polo Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación coa colaboración das comunidades autónomas, recollerá as medidas de control que se consideren necesarias para garantir o cumprimento das condicións de concesión das axudas sobre a base do programa presentado. En particular, incluírá un control administrativo sobre o 100 por cento das solicitudes e un control sobre o terreo de, polo menos, o cinco por cento das solicitudes, no ámbito territorial de cada comunidade autónoma.»

Seis. Engádesse un punto 3 ao artigo 7, coa seguinte redacción:

«3. Correspóndelles aos órganos competentes das comunidades autónomas a realización das actividades de control das axudas. Para coordinar a aplicación do programa nacional de medidas de axuda á apicultura no ámbito estatal, as comunidades autónomas remitiranlle, cada ano, á Dirección Xeral de Gandaría do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, un balance dos controis realizados sobre as axudas xestionadas. Esta comunicación consistirá, polo menos, nas informacións que se detallan no anexo.»

Sete. O artigo 9 queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 9. *Seguimento e avaliación do Programa nacional de medidas de axuda á apicultura.*

Para facilitar a colaboración prevista no artigo 5 do Regulamento (CE) n.º 797/2004 do Con-

sello, do 26 de abril de 2004, relativo ás medidas destinadas a mellorar as condicións de produción e comercialización dos produtos da apicultura, as organizacións representativas e cooperativas do sector apícola intervirán a escala nacional e autonómica, e xunto á autoridade competente en cada caso, no seguimento e avaliación do Programa nacional de medidas de axuda á apicultura.»

Oito. Engádesse unha disposición adicional terceira, coa seguinte redacción:

«Disposición adicional terceira. *Referencias á normativa comunitaria.*

Toda mención ao Regulamento (CE) n.º 1221/97 do Consello, do 25 de xuño de 1997, polo que se establecen as normas xerais de aplicación das medidas destinadas a mellorar a produción e comercialización do mel, será substituída pola mención ao Regulamento (CE) n.º 797/2004 do Consello, do 26 de abril de 2004, relativo ás medidas destinadas a mellorar as condicións de produción e comercialización dos produtos da apicultura. Igualmente, toda mención ao Regulamento (CE) n.º 2300/97 da Comisión, do 20 de novembro de 1997, polo que se establecen disposicións de aplicación do Regulamento (CE) n.º 1221/1997, será substituída pola mención ao Regulamento (CE) n.º 917/2004 da Comisión, do 29 de abril de 2004, polo que se establecen disposicións de aplicación do Regulamento (CE) n.º 797/2004 do Consello, relativo ás medidas destinadas a mellorar as condicións de produción e comercialización dos produtos da apicultura.»

Nove. A disposición derradeira segunda queda redactada do seguinte modo:

«Disposición derradeira segunda. *Adaptación á normativa comunitaria.*

Facúltase o ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación para adaptar este real decreto, de acordo coa normativa comunitaria, ás modificacións que esta introduza.»

Dez. Engádesse un anexo, que se recolle como anexo I deste real decreto.

Artigo segundo. *Modificación do Real decreto 209/2002, do 22 de febreiro, polo que se establecen normas de ordenación das explotacións apícolas.*

O Real decreto 209/2002, do 22 de febreiro, polo que se establecen normas de ordenación das explotacións apícolas, modifícase nos seguintes termos:

Un. As alíneas d) e g) do artigo 2 quedan redactadas do seguinte modo:

«d) Alvariza: conxunto de colmeas, pertencentes a un ou a varios titulares e que se encontren nun mesmo asentamento.»

«g) Explotación apícola: calquera instalación, construción ou lugar en que se teñan, críen, manexen ou se expoñan ao público abellas produtoras de mel ("Apis mellifera") cuxas colmeas se encontren repartidas nunha ou en varias alvarizas. Pode ser:

1.º Explotación apícola transhumante: aquela explotación apícola cuxas colmeas son desprazadas a outro ou outros asentamentos ao longo do ano.

2.º Explotación apícola estante: aquela explotación apícola cuxas colmeas permanezan todo o ano no mesmo asentamento.

Pola súa vez, a explotación apícola, atendendo ao número de colmeas que a integra, poderá ser:

1. Profesional: a que ten 150 colmeas ou máis.
2. Non profesional: a que ten menos de 150 colmeas.
3. De autoconsumo: a utilizada para a obtención de produtos das colmeas con destino exclusivo ao consumo familiar. O número máximo de colmeas para estas explotacións non poderá superar as 15.»

Dous. O artigo 4 queda redactado do seguinte modo:

«**Artigo 4.** *Código de identificación das colmeas e asignación do código de explotación.*

1. Os titulares das explotacións apícolas deberán identificar cada colmea, en sitio visible e de forma lexible, cunha marca indeleble, en que figurará o código de identificación das colmeas, único para cada explotación. Así mesmo, deberase advertir, en sitio visible e próximo á alvariza, da presenza de abellas. Esta advertencia non será obrigatoria se o predio está cercado e as colmeas se sitúan a unha distancia mínima de 25 metros da cerca.

2. O código de identificación das colmeas a que fai referencia o punto anterior estará composto pola seguinte secuencia alfanumérica:

a) Tres díxitos, como máximo, correspondentes ao número do municipio (de acordo coa codificación do Instituto Nacional de Estatística). No caso de que a provincia sexa identificada cun código numérico de dous díxitos, o municipio deberase identificar necesariamente mediante tres díxitos.

b) As siglas da provincia, de acordo co anexo II, ou dous díxitos para indicar o código numérico correspondente.

c) Un máximo de sete díxitos para o número que se asigne a cada explotación.

3. Todas as colmeas que se incorporen á explotación, xa sexa por substitución de material vello, por ampliación do tamaño da explotación ou por nova incorporación, identificaranse segundo o establecido neste real decreto no mesmo momento en que entren a formar parte da explotación.

4. Ademais da identificación das colmeas, a cada explotación apícola seralle asignado un código de identificación de acordo co disposto nos artigos 5 e 6 do Real decreto 479/2004, do 26 de marzo.»

Tres. O artigo 5 queda redactado do seguinte modo:

«**Artigo 5.** *Inscripción rexistral das explotacións apícolas.*

1. O rexistro das explotacións apícolas corresponderalle á autoridade competente da comunidade autónoma en que radique o domicilio fiscal do titular.

Non obstante, os titulares de explotacións estantes cuxas colmeas se sitúen no ámbito dunha ou varias comunidades autónomas, que soliciten a correspondente inscrición no rexistro, deberano facer ante a autoridade competente da comunidade autónoma onde se sitúen as colmeas, á cal lle corresponderá, neste caso, proceder ao rexistro.

2. Os titulares das explotacións apícolas deberán presentar ante a citada autoridade competente a correspondente solicitude, para os efectos do rexistro da explotación, á cal se xuntará a documentación acreditativa dos seguintes extremos:

a) Datos do titular da explotación: apelidos e nome ou razón social, número ou código de identificación fiscal (NIF ou CIF), enderezo, código postal, municipio, provincia e teléfono.

b) Datos doutros titulares relacionados coa explotación: apelidos e nome ou razón social, NIF ou CIF e relación coa explotación.

c) Tipo de explotación de que se trate segundo a clasificación establecida no anexo III do Real decreto 479/2004, do 26 de marzo, polo que se establece e regula o rexistro xeral de explotacións gandeiras.

d) Datos da localización principal: enderezo, código postal, municipio e provincia.

e) Indicación de se se trata dunha explotación de autoconsumo ou non.

f) Clasificación segundo o sistema produtivo: transhumante ou estante.

g) Clasificación segundo criterios de sustentabilidade ou autocontrol: explotacións ecolóxicas, integradas ou convencionais.

h) Censo e data de actualización.

i) Cando proceda, código identificativo, razón social, enderezo, código postal, municipio e provincia da agrupación de defensa sanitaria.

3. As resolucións favorables darán lugar ás seguintes inscricións nos correspondentes rexistros.

4. O titular de explotación deberalle comunicar os cambios nos datos consignados no rexistro á autoridade competente no prazo que esta determine, que non poderá exceder dun mes desde que se produzan.»

Catro. O artigo 6 queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 6. *Rexistro xeral das explotacións apícolas.*

O Rexistro xeral das explotacións apícolas queda integrado no Rexistro Xeral de Explotacións Gandeiras (REGA) segundo o disposto no Real decreto 479/2004, do 26 de marzo, polo que se establece e regula o Rexistro Xeral de Explotacións Gandeiras, e, en concreto, en todo o relativo ao réxime de comunicación que este establece entre as comunidades autónomas e o Estado respecto dos rexistros nos puntos 4 e 6 do artigo 3.»

Cinco. O artigo 7 queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 7. *Libro de rexistro de explotación apícola.*

1. Para os efectos zootécnicos e sanitarios, todo titular dunha explotación apícola deberá estar en posesión dun libro de rexistro da explotación apícola (en diante libro de rexistro) facilitado aos apicultores pola autoridade competente do rexistro. Neste documento recolleranse, polo menos, os datos que se indican no anexo I. Este libro de rexistro completarase, excepto no caso de explotacións estantes, con follas en que conste a información de cada traslado das colmeas e que conterán, polo menos, as indicacións previstas no mencionado anexo I. Esta información é independente do programa trimestral de traslados establecido no artigo 11.2.

2. Este libro de rexistro deberá estar á disposición da autoridade competente da comunidade

autónoma onde estea rexistrada a explotación e daquelas comunidades autónomas onde as colmeas circulen ou se asenten por razóns de transhumancia ou outras e especialmente nos casos en que, ante unha situación de alerta sanitaria, se faga necesario introducir medidas, principalmente, no que ao movemento de colmeas se refire. Así mesmo, o libro de rexistro deberá ser validado anualmente pola autoridade competente da comunidade autónoma expedidora para os efectos de control e, entre outras actuacións, para os efectos de realizar a declaración censual anual establecida no punto 5.

3. Os titulares das explotacións apícolas deberán actualizar en cada momento os datos contidos no devandito libro de rexistro.

4. O libro de rexistro regulado neste artigo constitúe un requisito indispensable para calquera traslado das colmeas por razóns de transhumancia ou outras.

5. Segundo o establecido no artigo 4.3 do Real decreto 479/2004, do 26 de marzo, os titulares de explotacións apícolas comunicarán, ante a autoridade competente expedidora do libro de rexistro, antes do 1 de marzo de cada ano, o censo das súas colmeas, e indicarán o número de colmeas a 31 de decembro do ano anterior. Sen prexuízo do anterior, a autoridade competente poderá actualizar a información relativa ao censo das explotacións, con motivo das actuacións administrativas que leve a cabo nestas.»

Seis. Engádesse o seguinte parágrafo ao final do punto 2 do artigo 8:

«Non obstante, para as explotacións de autoconsumo, outras distancias mínimas poderán ser establecidas por cada comunidade autónoma de acordo coas específicas características da produción apícola no seu ámbito territorial.»

Sete. O artigo 9 queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 9. *Medidas de protección animal.*

O titular da explotación deberá velar pola satisfacción das necesidades fisiolóxicas e de comportamento das abellas, para favorecer o seu bo estado de saúde e de benestar.

Entenderase que o apicultor non cumpre con estas obrigas cando a alvariza poida ser catalogada como abandonada, segundo establece o artigo 2.e)»

Oito. O artigo 11 queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 11. *Transhumancia.*

1. Poderán practicar a transhumancia en todo o territorio nacional, coas condicións previstas nos puntos 2 a 5, aqueles apicultores cuxa explotación fose inscrita como transhumante e que cumpran os requisitos sanitarios e de documentación regulados neste real decreto.

2. Os apicultores que realicen transhumancia fóra do ámbito da súa comunidade autónoma poderana realizar comunicándolle á autoridade competente da comunidade autónoma onde radique o rexistro da súa explotación, cunha antelación mínima dunha semana sobre a data de comezo do primeiro movemento de colmeas, o programa de traslados previsto para os tres meses seguintes, indicando municipio ou comarca, provincia e data prevista en que aqueles se van producir.

3. Esta comunicación, unha vez visada pola autoridade competente, deberase xuntar ao libro de

registro de explotación apícola e acompañar as colmeas nos seus desprazamentos. Conterá, polo menos, os seguintes datos:

- a) Data prevista de inicio dos traslados.
- b) Número de colmeas trasladadas.
- c) Lugar de orixe das colmeas.
- d) Lugar de destino das colmeas.
- e) Conformidade con sinatura do veterinario oficial e selo da unidade veterinaria.

4. Calquera alteración posterior á comunicación do programa de traslados previsto, que supoña un cambio na comunidade autónoma de destino, seralle comunicada polo apicultor, así mesmo, á autoridade competente de orixe, inmediatamente ou, como máximo, 48 horas despois de que aquel se produciuse.

5. As autoridades competentes do lugar de orixe transmitiránlle, no prazo máis breve posible, á autoridade competente do lugar de destino os programas de traslados que as afecten, así como as incidencias ou alteracións ao programa que se produciñen.

6. O transporte de colmeas realizarase de acordo ao establecido no artigo 47 da Lei 8/2003, do 24 de abril. Ademais, durante o transporte as colmeas deberán ir coa piqueira cerrada, e se van coa piqueira aberta, cubertas cunha malla ou calquera outro sistema que impida a saída das abellas.

7. Malia o disposto nos puntos 1 a 5, se un apicultor titular dunha explotación estante tivese a necesidade de desprazar colmeas ou enxames, deberá para iso solicitarlle á autoridade competente, con carácter previo, a emisión do correspondente certificado sanitario que ampare o desprazamento das colmeas ou enxames consonte o establecido no artigo 50 da Lei 8/2003, do 24 de abril, de sanidade animal.»

Novo. O artigo 13 queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 13. *Incumprimentos.*

O incumprimento deste real decreto será sancionado de acordo co establecido na Lei 8/2003, do 24 de abril, de sanidade animal.»

Dez. No punto 2 da disposición transitoria segunda substitúese a mención «documento de explotación apícola e transhumancia» por «libro de rexistro da explotación apícola».

Once. O anexo I substitúese polo anexo II deste real decreto.

Doce. No punto correspondente á Comunidade Autónoma de Aragón do anexo II substitúese «Zaragoza: ZA» por «Zaragoza: Z».

Disposición derradeira primeira. *Títulos competenciais.*

Este real decreto dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.13.^a da Constitución, que lle atribúe ao Estado a competencia sobre as bases e a coordinación da planificación xeral da actividade económica, e no artigo 149.1.16.^a da Constitución, que lle atribúe ao Estado a competencia exclusiva sobre as bases e coordinación xeral da sanidade, e ten carácter de normativa básica estatal.

Disposición derradeira segunda. *Facultade de desenvolvemento.*

Facúltase o ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación, no ámbito das súas competencias, para ditar as disposicións necesarias para a aplicación e desenvolvemento deste real decreto.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

O presente real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 22 de abril de 2005.

JUAN CARLOS R.

A ministra de Agricultura, Pesca e Alimentación,

ELENA ESPINOSA MANGANA

ANEXO I

«ANEXO

Información que deben comunicar as comunidades autónomas sobre o balance do Plan de Control das Axudas á Apicultura

A) Incidencias do control administrativo:

Número de solicitudes controladas.
Porcentaxe de solicitudes con irregularidades.
Número e tipo de irregularidades detectadas.
Accións emprendidas.

B) Incidencias do control in situ:

B.1) Control ao chou:

Número de solicitudes controladas.
Porcentaxe de solicitudes con irregularidades.
Número e tipo de irregularidades detectadas.
Accións emprendidas.

B.2) Incidencias do control dirixido:

Número de solicitudes controladas.
Porcentaxe de solicitudes con irregularidades.
Número e tipo de irregularidades detectadas.
Accións emprendidas.»

ANEXO II

«ANEXO I

Contido mínimo do libro de rexistro da explotación apícola

a) Datos identificativos do titular da explotación (nome, apelidos e NIF ou CIF, domicilio, teléfono, municipio, provincia).

b) Código de identificación de explotación de acordo co artigo 5 do Real decreto 479/2004, do 26 de marzo.

c) Código de identificación de colmeas, de acordo co disposto no artigo 4 deste real decreto.

d) Tipo de explotación: estante ou transhumante, conforme as definicións do artigo 2.g) deste real decreto.

e) Clase de explotación: produción (PD), selección e cría (SC), polinización (PZ), mixtas (MX), outras (OT), conforme a clasificación do artigo 3.

f) Número total de colmeas.

g) Espazos para a actualización e dilixencia, como mínimo anual, do veterinario oficial, autorizado ou habilitado, da comunidade autónoma.

h) Data de actualización do libro e sinatura do apicultor.

i) Datos sanitarios: enfermidades diagnosticadas, tratamentos realizados, con datas dos diagnósticos e data e lugar dos tratamentos, se é o caso.

j) Análise en laboratorios: data e tipo de análise, identificación do laboratorio actuante e ditame ou resultado emitido polo laboratorio.

k) Traslados de colmeas (só no caso de apicultores transhumantes): número de colmeas trasladadas, orixe e destino do desprazamento e data dos traslados.»